

INSTRUCCIÓN PARA OS AUTORES

1. A *Revista da Real Academia Galega de Ciencias* é unha publicación que publica artigos científicos orixinais, de revisión, ou notas relacionadas coa Química, Física, Xeoloxía, Bioloxía, Farmacia, Matemáticas, Ciencias Técnicas, Ciencias Sociais e Económicas.

2. *Presentación dos artigos.* O manuscrito orixinal (escrito en español, galego ou inglés) en papel e unha copia electrónica en CD deberán enviarse ao **Sr. Secretario, Real Academia Galega de Ciencias, San Roque 2, 15704 Santiago de Compostela, España.** O CD (o formato PDF non é aceptable) deberá identificarse co título do traballo e o nome do autor responsable.

3. *Preparación do manuscrito.* O traballo presentarse a dobre espazo en papel DIN-A4, cunha marxe de 2.5 cm e as páxinas irán numeradas consecutivamente. A primeira páxina conterá o título do traballo e nome do autor ou autores, dirección do lugar de traballo e correo electrónico do autor responsable do traballo. Incluirase un resumo de non máis de 150 palabras no mesmo idioma no que está escrito o texto así como unha versión en inglés se o texto non está escrito neste idioma. Engadiranse 4-5 palabras clave que expresen o contido preciso do manuscrito e que utilizaranse nos índices apropiados. A continuación, incluíranse *Introdución, Material e Métodos, Resultados, Discusión* (estes dous últimos ben separados ou en forma combinada), *Agradecementos, Bibliografía, Táboas* (preparadas coa opción “Táboa” do procesador de textos, numeradas consecutivamente e co texto na parte superior da mesma), *Lendas das figuras e Figuras* (numeradas consecutivamente).

4. *Fotografías e figuras.* A Revista só publicará, na súa versión impresa, as fotografías e figuras dos traballos en branco e negro. Se o autor ou autores desexan a súa publicación en cor, deberán abonar o seu importe (consultar prezos) despois de remitir as probas de imprenta. As fotografías en cor poderán usarse, sen cargo algún, na edición electrónica da revista (www.ragc.cesga.es), sempre que os arquivos estean en cor. As fotografías deberán gravarse en formatos PhotoShop, .TIF ou .JPG (neste caso, coa menor compresión posible) e os gráficos poden almacenarse en formato CorelDraw (.CDR) ou en formato .EPS.

5. *Bibliografía.* As referencias bibliográficas ordenaranse alfabeticamente e dispostas como nos exemplos seguintes:

Revista Murashige T, Skoog F (1962) A revised medium for rapid growth and bioassays with tobacco tissue cultures. *Physiol. Plant.*, 15:473-497.

Capítulo de libro Faquar GD, Caemmerer S (1982) Modelling of photosynthetic response to environmental conditions. In Lange OL, Noble PL, Osmon CB, Ziegler H (eds.) *Encyclopedia of Plant Physiology. Physiological plant ecology II*, vol 12 B. Springer, Berlín, pp 550-587.

Libro. Scharze FW, Engels J, Mattheck C (2000) *Fungal Strategies of Wood Decay in Trees.* Springer, Berlín.

As citas no texto escribíranse: Gil (2006), Smith y Robinson (1984), Kumar et al. (2005).

6. *Probas de imprenta.* As probas de imprenta, debidamente corrixidas, deberán devolverse ao editor dentro dos dez días seguintes ao da súa recepción. Modificacións substanciais do manuscrito orixinal serán cargadas aos autores.

7. *Separatas.* Non se enviarán separatas en papel. Os autores recibirán un arquivo PDF co contido do seu traballo